



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 9 DE SETEMBRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e tirnta minutos do día nove de setembro de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

Non asisten os sres/as. Español Otero e Magallanes Alvarez.

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN CUOTAS DO MERCADO DE ABASTOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de AGOSTO de 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

PUNTO 2.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 5.759 de data 29 de agosto de 2015, presentado por D. ELOY GOMEZ MARIÑO, con enderezo na rúa Subida ó Torroso, nº 6 de A Guarda, solicitando acceso ó arquivo municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado se ben deberá coordinar ó acceso o arquivo co responsable do Centro Cultural.

Dase conta da notificación da resolución do Secretario xeral técnico da Consellería de Medio Ambiente, Teritorio e Infraestruturas (RE nº 5.923 de data 07.09.2015) pola que se desestima o requerimento de anulación RQ/CAL/2015/00012 interposto por José Manuel Domínguez Freitas contra a resolución do 15 de decembro de 2014, da Consellería de Medio Ambiente, Teritorio e Infraestruturas, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión dos residuos domésticos.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 5.957 de data 9 de setembro de 2015, presentado por DNA. NELIDA RODRIGUEZ GIRALDEZ, en representación de CRUZ ROJA BAIXO MIÑO, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 1-baixo, solicitando autorización para dispor dun aula na Casa de Oficios os días 10, 17 e 24 de outubro para levar a cabo un curso de mobilización e cambios posturais.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado lembrándolle que deben facerse cargo do bo uso e coidado das instalacións mantándoas limpas e coidando das mesmas.

Lese o escrito remitido pola DELEGACIÓN DE ECONOMÍA Y HACIENDA DE PONTEVEDRA – SEDE DE VIGO, solicitando que se proponhan dous concellos para ocupar a vocalía en representación dos Concellos de menos de 20.000 habitantes da sección 2ª no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

A Xunta de Goberno Local acorda propoñer ós concellos de Tui e Porriño.

Sendo as nove horas e dez minutos o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.